

# CIRCULAR 245

INFORMATIVA DO  
COLEXIO OFICIAL DE  
PSICOLOXÍA DE GALICIA

NOVEMBRO / DECEMBRO 2013

2014  
POLA  
PSICO  
LOXÍA

20

## XUNTA DE GOBERNO



### **Mª Rosa Álvarez Prada**

Decana



### **Hipólito Puente Carracedo**

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Responsable da Páxina Web



### **Concepción Fernández Fernández**

Secretaria



### **Mª Concepción Prado Álvarez**

Vicesecretaria / Responsable de Empleo / Responsable da Biblioteca



### **Miguel Ángel Chouza Ponte**

Tesoureiro / Responsable de Servizos



### **José Luis Domínguez Rey**

Vogal / Responsable da Circular Informativa e Correspondente de Infocop



### **Antonio González Fernández**

Vogal / Coordinador da Xunta de Goberno coa Comisión de Ética e Deontoloxía



### **Ana Isabel Martínez Arranz**

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



### **Eva Muíño Gómez**

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Tráfico e Seguridade



### **José Manuel Oreiro Blanco**

Vogal / Responsable de Cadernos de Psicoloxía



### **Concepción Rodríguez Pérez**

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero / Vogalía de Dinámica Sociocultural



### **Víctor Manuel Torrado Oubiña**

Vogal / Vogalía de Formación



### **Marta Rivas Rodríguez**

Vogal

## PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a N° 246 de xaneiro/febreiro de 2014,  
e sairá a principios do mes de marzo de 2014.  
A información terá que ser remitida como data límite  
o 15 de febreiro.

4	<b>Información Xeral</b>
13	<b>Información das Seccións</b>
17	<b>Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)</b>
20	<b>Grupo de Tráfico e Seguridade</b>
20	<b>Comisión de Ética e Deontoloxía</b>
22	<b>Últimos Colexiados e Colexiadas de Galicia</b>
23	<b>Cursos, Xornadas e Congresos</b>

## Editorial

---

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) amosa o seu total desacordo coa recén aprobada Lei de Educación LOMCE. As psicólogas e psicólogos educativos consideran que a LOMCE atenta contra un ensino público de todos e para todos, que debe sustentarse nuns principios básicos fundamentados na atención á diversidade do alumnado.

As diferenzas sociais, lingüísticas, de raza, de crenzas e de cultura, enriquecénos como persoas. Contrariamente, a LOMCE permite o segregacionismo do alumnado ata por razón de xénero, salvagardando os concertos económicos cos centros privados que o practican. A nova Lei non respecta a pluralidade, recortando ademais a porcentaxe para fixar os currículos nas comunidades, rebaixando ese espazo de autonomía que representa o ensino da lingua galega.

O COPG lembra que a estruturación dun sistema educativo debe estar ao servizo dun alumnado con distintas capacidades, intereses, motivacións e expectativas. Coa LOMCE isto trúncase, xa que as alumnas e alumnos deben escoller o itinerario a seguir antes de contar cunha formación básica que lles permita tomar esa decisión dun xeito responsable e non excluínte.

As psicólogas e psicólogos educativos tamén rexeitan o novo sistema de reválidas e probas externas aos centros. Unha porcentaxe do alumnado non superará o acceso ao seguinte nivel, co cal quedará excluído do sistema ou relegado a un grupo con grave

risco de abandono escolar e sairá ao mercado laboral cunhas baixas ou mínimas competencias e habilidades.

Cando perseguimos unha sociedade democrática o noso sistema educativo deberá reflectilo. Pero na LOMCE o poder concéntrase na figura do director, relegando a un papel secundario os órganos colexiados nos que a participación de toda a comunidade educativa non ten cabida.

O COPG rexeita aquelas leis discriminatorias e a excelencia cun son excluínte. Débese apostar por unha mellora do sistema público con medidas que permitan un ensino de calidade: diminuír a ratio por aula, máis profesorado que imparta clases da súa especialidade e unha verdadeira integración do alumnado con necesidades educativas especiais, xa que nunca existiron os dispositivos, materiais ou persoal que fixera realidade o tan contradictorio lema de que todos os centros públicos son de integración.

A excelencia está no ensino mesmo cunha boa praxe e iso fórméntase desde a nosa responsabilidade como profesionais.

---

## Relacións institucionais

---

A Coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade e Vogal da Xunta de Goberno, Eva Muíño Gómez, e a Vogal do Grupo de Tráfico e Seguridade, M<sup>a</sup> Jesús Sánchez Peteiro, mantiveron o 11 de novembro unha reunión coa Xefa Provincial de Tráfico da Coruña e Coordinadora de Tráfico para Galicia, M<sup>a</sup> Victoria Gómez Dobarro. Nesta xuntanza trataron sobre a colaboración entre ambos organismos en materia de seguridade viaria.

---

A Decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, e o Presidente da Sección de Psicoloxía Clínica, Xavier Sardiña Agra, mantiveron o 26 de novembro na sede colexial unha reunión coa Decana da Facultade de Psicoloxía da USC, Carolina Tinajero Vacas, que asistiu acompañada da profesora e coordinadora do Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria da USC, Carmen Senra Rivera. Nesta xuntanza trataron sobre diversas cuestións relacionadas co desenvolvemento do devandito Máster.



Eva Muíño Gómez

---

A Decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, asistiu á xuntanza do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela que tivo lugar o 19 de decembro.

---

A Decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, asistiu á xuntanza do Pleno da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral de Unión Profesional de Galicia que tivo lugar en Santiago de Compostela o 20 de decembro.

---

## En representación do colexio

---

A Secretaria da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M<sup>a</sup> José Fares Varela, acudiu o 30 de outubro á xuntanza de constitución do Consello Sectorial de Familia, Benestar Social e Igualdade do Concello de Santiago de Compostela.

---



M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada

A Decana, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, participou no acto inaugural da IV Edición do Máster en Mediación, celebrado o 8 de novembro en Santiago de Compostela e organizado pola Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela.

---

O Coordinador do Programa Abrams o Círculo do COPG, Rubén Villar Trencó, impartiu o obradoiro «Prevención de condutas delitivas». Esta actividade formativa, que tivo lugar no Centro Penitenciario de Teixeiro (A Coruña) os días 14 e 15 de novembro, estivo organizada por FADEMG GALICIA ao abeiro dun programa de integración social e actividades rehabilitadoras para persoas reclusas e exreclusas con discapacidade intelectual.

---



Olegaria Mosqueda Bueno

Olegaria Mosqueda Bueno e Avelina Senra Comesaña, membros do GIPCE que interviron no accidente do tren Alvia, asistiron o 23 de novembro ao acto de imposición da Medalla de Ouro da Cidade aos veciños e veciñas de Angrois, outorgada polo Concello de Santiago de Compostela.

---

A Decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, asistiu á presentación da Campaña do Consello de Europa «Un de cada cinco» contra a violencia sexual sobre nenos e nenas. Este acto foi organizado pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e tivo lugar o 25 de novembro.

---

A Secretaria do COPG, Concha Fernández Fernández, participou no 1º Congreso Nacional de Violencia de Xénero: Prevención e Intervención, organizado polo Concello de Santiago de Compostela. O seu cometido foi presentar e moderar a mesa redonda «Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA): Valoración das vítimas da violencia de xénero», que tivo lugar o 29 de novembro.

---

A Tesoureira da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M<sup>a</sup> Leonor Galiana Caballero, acudiu o 20 de decembro á sesión extraordinaria do Consello Galego de Benestar Social da Secretaría Xeral de Política Social da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

---

## O COPG e o Consejo General de la Psicología

---

O Presidente da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG, Xavier Sardiña Agra, asistiu á reunión da Área de Psicoloxía Clínica do Consejo General de COP, que se celebrou o 26 de outubro en Madrid.

---

Alicia Carballal Fernández e M<sup>a</sup> José Carreira Vidal, membros da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG, asistiron en representación do mesmo á Xornada sobre Psicoloxía Clínica en Atención Primaria, organizada polo Consejo General de COP e celebrada en Madrid o 11 de novembro.



Concepción Fernández



Xavier Sardiña Agra

---

A Decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, asistiu á III Xornada de Traballo e Presentación da Rede Iberoamericana de Psicoloxía de Emerxencias (RIPE), organizada por Psicofundación e a Secretaría General Iberoamericana (SEGIB) e celebrada en Madrid o 11 de novembro.

---

A Presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M<sup>a</sup> Jesús López Cernadas, asistiu á reunión do Grupo de Traballo de Psicoloxía do Envellecemento do Consejo General de COP, que se celebrou o 16 de novembro en Madrid.

---

A Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade e Vogal da Xunta de Goberno do COPG, Eva Muíño Gómez, asistiu á reunión da Área de Psicoloxía do Tráfico e Seguridade do Consejo General de COP, que tivo lugar en Barcelona o 16 de novembro.

---

A Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias e Vogal da Xunta de Goberno do COPG, Ana Isabel Martínez Arranz, asistiu á reunión do Grupo de Traballo de Psicoloxía da Intervención en Emerxencias e Catástrofes do Consejo General de COP, que tivo lugar en Madrid o 23 de novembro.

---



M<sup>a</sup> Jesús López Cernadas

A Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero do COPG, Concepción Rodríguez Pérez, asistiu ás «Xornadas Nacionais de Psicoloxía contra a Violencia de Xénero» e á posterior reunión do Grupo de Traballo de Psicoloxía e Igualdade de Xénero do Consejo General de COP. Ambas actividades celebráronse en Melilla o 28 e 29 de novembro e a elas tamén acudiu a Decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, en calidade de convidada da Área.

---



Hipólito Puente Carracedo

O Vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo, asistiu á reunión da Área de Novas Tecnoloxías Aplicadas á Psicoloxía do Consejo General de COP, que tivo lugar en Madrid o 13 de decembro.

## AVISOS

### Restro de psicólogos/as especialistas en Psicología Clínica

O COPG creou un rexistro de psicólogos/as especialistas en Psicología Clínica para dar cumprimento ao estipulado no Real Decreto que crea e regula a Especialidade de Psicología Clínica (Real Decreto 2490/1998 do 20 de novembro) e da Lei de Ordenación das Profesións Sanitarias (Lei 44/2003 de 21 de novembro).

Todas aquelas persoas colexiadas que teñades acadado esta titulación do Ministerio e aínda non o presentastes no COPG, tedes que aportar unha copia compulsada do título de especialista para incorporala ao voso expediente e quedar debidamente anotado no citado rexistro de especialistas. Para máis información contactar coa administración do COPG.

A Decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, asistiu á reunión da Junta de Gobierno do Consejo General de COP, que se celebrou os días 13 e 14 de decembro en Madrid, así como á reunión da Junta General do Consejo General de COP celebrada o 14 de decembro.

## Entrega de Premios do VI Concurso Literario do COPG «Rosa de Cen Follas»

O 10 de decembro na sede do COPG tivo lugar a entrega de premios do VI Concurso Literario do Colexio Oficial de Psicología de Galicia «Rosa de Cen Follas».

A Decana, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, o Vicedecano do COPG, Hipólito Punte Carracedo, e a Coordinadora da Comisión de Cultura do COPG e Vogal da Xunta de Gobierno, Concha Rodríguez Pérez, fixeron entrega dos galardóns ás persoas gañadoras desta edición, Azucena Arias Correa na modalidade de poesía coa obra titulada «Silencio cómplice» e Carlos Méndez Leis na modalidade de narrativa coa obra «Cobiza».

De seguido, deuse paso a un espazo de lectura de diversos textos, propios ou doutros autores e autoras, por parte dos asistentes que o así o desexaron.

O acto estivo amenizado coa actuación musical de Alba Rodríguez.



Momento de entrega dos premios





Esquerda, Elixio Domarco Álvarez, novo Valedor das Colexiadas e Colexiados. Dereita, Ana Isabel Martínez Arranz, coordinadora do GIPCE



## Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas

---

O 10 de decembro celebrouse a sesión ordinaria da Asemblea Xeral de Colexiadas e Colexiados do COPG. Na xuntanza presentouse o informe de actividades levadas a cabo pola Comisión de Ética e Deontoloxía en 2013. Aprobouse a modificación dos Estatutos do COPG de acordo coa normativa vixente en materia de mediación civil e mercantil, a modificación do Regulamento de Réxime Interno da Sección de Psicología Clínica e os orzamentos do COPG para 2014.

Nesta Asemblea tamén se aprobou a renovación de membros da Comisión de Ética e Deontoloxía, elixíndose, a proposta da Xunta de Goberno, a Francisco Blanco Romero como o novo Presidente, e a Carmen González Pais e M<sup>a</sup> José López Torrón como novas Vogais da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG.

Así mesmo, aprobouse a designación de Elixio A. Domarco Álvarez como o novo Valedor dos Colexiados e Colexiadas do COPG.

Agradecerlle a José Luís Rodríguez-Arias Palomo, Ana M<sup>a</sup> Díaz Vargas e a Rocío García Calvo, Presidente, Secretaria e Vogal respectivamente, o seu labor na Comisión de Ética e Deonto-



Momento  
da Asemblea

loxía, así como ao noso compañeiro José Manuel Pazos Riveiro, polo seu labor como Valedor dos Colexiado e Colexiadas do COPG. Ao abeiro da Asemblea, a Xunta de Goberno do COPG fixo entrega dun merecido recoñecemento aos membros do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias, que foi recoillido pola Coordinadora do GIPCE, Ana Isabel Martínez Arranz.

## Nova Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG

---

Con data 25 de novembro de 2013, a Comisión Electoral procedeu á proclamación definitiva da nova Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Clínica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia coa composición que de seguido se detalla:

Xavier Sardiña Agra (G-1756), Presidente  
Delia Guitián Rodríguez (G-2578), Vicepresidenta  
José Eduardo Rodríguez Otero (G-3407), Secretario  
Luis Carlos Álvarez García (G-2040), Tesoureiro  
Alicia Carballal Fernández (G-3097), Vogal  
Rosa Cerqueiro Landín (G-2706), Vogal  
Mercedes Fernández Cabana (G-3107), Vogal  
Ignacio Dopico González (G-3890), Vogal  
Dolores Mosquera Barral (G-2552), Vogal

## AVISOS

---

### Títulos de Licenciatura en Psicología

Lembrámoslle a todas as persoas que se colexiaron co depósito do título de licenciatura e que aínda non presentaron o título orixinal, que deberán facelo á maior brevidade posible para o seu rexistro.

Deberán traer orixinal e copia, ou enviar unha fotocopia compulsada para arquivar no seu expediente colexial.

### Renovación carnés

Se o teu carné está caducado ou caduca en breve, solicita a súa renovación na Administración do Colexio, por teléfono ou por e-mail.

### Exposicións na sede colexial

Aquelas persoas colexiadas que teñan inquietudes relacionadas coa fotografía, pintura ou escultura, teñen á súa disposición a sede colexial para expoñer as súas obras.

As persoas interesadas a tal efecto poden contactar coa Administración do Colexio.

## Reunión da Comisión Permanente cos Presidentes/Presidentas e Tesoureiros/ Tesoureas das Seccións Profesionais do COPG

---

O 12 de novembro a Decana, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, e o Tesoureiro do COPG, Miguel A. Chouza Ponte mantiveron unha reunión cos Presidentes / Presidentas e Tesoureiros / Tesoureas das Seccións Profesionais do Colexio na que, entre outros temas, trataron sobre a situación actual de cada unha das Seccións así como os obxectivos e planificación de actividades das mesmas para 2014. Tamén se expuxeron os criterios a ter en conta para a elaboración dos orzamentos de 2014.

## Sesións informativas sobre a regulación da Psicología

---

O Colexio Oficial de Psicología de Galicia está a celebrar nas principais localidades de Galicia unhas Sesións Informativas sobre o novo contexto lexislativo e profesional para exercer a Psicología no ámbito sanitario, coa intención de aclarar as dúbidas existentes ao respecto.

O 19 de decembro celebrouse a sesión informativa en Santiago de Compostela, á que asistiron máis de 50 colexiados e colexiadas. Están previstas as seguintes: o 18 de xaneiro en Vigo, o 25 de xaneiro na Coruña, o 1 de febreiro en Ourense e o 8 de febreiro en Lugo.

## III Velada Literaria «Vozes contra a Violencia de Xénero»

---

O COPG celebrou o 25 de novembro o terceiro Encontro de «Vozes Contra a Violencia», organizado pola Comisión de Xénero do Colexio. Esta velada tivo lugar na sala «Ultramarinos» de Santiago de Compostela, e alí ouvirónse as voces de Dores Asorei, Iolanda Aldrei, Luz Fandiño, Rochi Novoa, Ro Palomera, Concha Rousia, Alba Rodríguez e Uxía Senlle.



Concepción Rodríguez Pérez, coordinadora da Comisión de Xénero do COPG, participou no evento

## Medios de comunicación

---

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio: [www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=2](http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=2) e [www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=3](http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=3).

O COPG xa está presente nas principais redes sociais. De seguido se reproducen os enlaces de acceso ás mesmas:

**f Facebook:** <https://www.facebook.com/pages/Colexio-de-Psicolox%C3%ADa-de-Galicia/272841862843280?ref=hl>

**t Twitter:** [@copgalicia](http://www.twitter.com/copgalicia)

**in LinkedIn:** <http://www.linkedin.com/groups/Colexio-Oficial-Psicolox%C3%ADa-de-Galicia-4811703/about>

### Colexión obrigatoria

---

De acordo coa normativa vixente, a colexión é obrigatoria para o exercicio da profesión, e en consecuencia as persoas que non estean colexiadas non poderán exercer como psicólogos e psicólogas.

### AVISOS E ANUNCIOS

---

Este é un espazo gratuito reservado para que os colexiados e colexiadas poidan inserir anuncios por palabras, sobre aluguer, compra-venta, ou para compartir despachos profesionais.

Os anuncios enviaranse á Administración do COPG antes do día 15 de cada mes par.

O número máximo de palabras por cada anuncio será de 50.

Para calquera información consultar coa Administración do COPG.

Exemplo: “Alégase despacho de psicoloxía a tempo parcial ou completo de 20 m<sup>2</sup> na Rúa Santa Margarita, 35. Santiago de Compostela. Tfno.: 981 000 000”.

## INFORMACIÓN DAS SECCIÓNS

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG tendo como data límite o 15 de cada mes par.



### SECCIÓN DE PSICOLOXÍA CLÍNICA

---

#### Xornadas

O pasado 15 e 16 de novembro a Sección de Psicoloxía Clínica celebrou no Mosteiro de Santa Catalina de Montefaro en Ares (A Coruña) as súas **XVIII Xornadas de Psicoloxía Clínica do COPG** que este ano levaron por título «**A Ausencia: Clínica do rural mariñeiro galego**». A súa programación recibiu unha boa valoración por parte dos asistentes e incluíu temas como a actuación do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG no accidente ferroviario ocorrido no mes de xullo en Angrois (Santiago de Compostela), o proceso de dó ante a perda e a resiliencia.

Na Asemblea de Socios e Socias da Sección celebrada o pasado 15 de novembro aprobouse a elección de **Marta González Rodríguez**, Psicóloga Clínica como nova Directora do Anuario de Psicoloxía Clínica da Sección.



Esquerda, momento da inauguración. Dereita, momento das Xornadas

#### Formación prevista

□ *Curso «O debuxo como recurso terapéutico en Saúde Mental Infantil»*

Será impartido en Ferrol por **Francisco Díaz**, Psicólogo e Director da Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais (ASPANEPS) os días 21 e 22 de febreiro de 2014. As labores de coordinación levaranse a cabo por **Manuel Castro Bouzas**, Psicólogo Clínico no Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide-Nova Santos de Ferrol.

#### □ *Curso «A primeira entrevista en psicoterapia»*

Os días 6 e 7 de xuño en Ourense terá lugar este curso impartido por **Yolanda Castro Casanova**, Facultativo Especialista de Área de Psicología Clínica no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e coordinado por **Luis Carlos Álvarez García**, Tesoureiro da Sección de Psicología Clínica do COPG.

Na programación de curso para o ano 2014 incluiremos tamén formación sobre hipnose clínica e terapia grupal, así como un programa de formación continuada en neuropsicología clínica, que consistirá en obradoiros monográficos sobre a administración e corrección de test neuropsicolóxicos fundamentais na práctica clínica. O primeiro obradoiro terá lugar no primeiro trimestre do ano e nel traballaremos sobre a avaliación da memoria a través das escalas de Wechsler.

#### **Máster en Psicología Xeral Sanitaria**

O pasado 14 de xuño de 2013 publicouse no BOE a Orde ECD/1070/2013, de 12 de xuño, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais de Máster en Psicología Xeral Sanitaria que habilite para o exercicio da profesión titulada e regulada de Psicólogo/a Xeral Sanitario/a. Podes acceder a toda información no enlace [www.boe.es/boe/dias/2013/06/17/pdfs/BOE-A-2013-6412.pdf](http://www.boe.es/boe/dias/2013/06/17/pdfs/BOE-A-2013-6412.pdf)

#### **Lexislación**

Lembrede a obriga de **inscribirse como acreditados/as para o exercicio de actividades sanitarias**, de acordo ao regulado na disposición adicional sexta da **Lei 5/2011, de 29 de marzo, de Economía Social, a todos aqueles que realizan actividades sanitarias e/ou traballan en centros sanitarios**. Asemade, lémbrese tamén a todas as colexiadas e colexiados con consultas propias dedicadas á área de Psicología Sanitaria, a **obriga de inscribir as súas consultas no mencionado rexistro**.

*Enlace ao apartado da Sección de Psicología Clínica da páxina web do COPG: [www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=36](http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=36)*



## SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

---

### □ *Sesións: Psicoloxía do Traballo e das Organizacións*

En colaboración coa Facultade de Psicoloxía da USC dentro do programa de sesións sobre Psicoloxía do Traballo e das Organizacións para o alumnado de Grao, organizáronse dous actos para dar a coñecer aos/ás estudantes distintos contextos laborais e formas de xestionar os recursos humanos, así como definir distintos roles e responsabilidades profesionais. No Salón de Actos da Facultade celebráronse:

- O pasado 28 de novembro **Olaya Ricoy Moure**, coordinadora de Recursos Humanos de TECNOCOM, impartiu unha sesión titulada «**Xestionando persoas nunha organización**» que serviu de referencia para debater sobre a estrutura dunha empresa e os seus programas de xestión e formación de persoal.
- O 4 de decembro **Santiago Medín Díaz**, Xerente Consultor de Selección de Persoal do RAY HUMAN CAPITAL, falou sobre «**Unha consultora de Recursos Humanos: Perfís de persoas e perfís de organizacións**» onde expuxo o labor, competencias e habilidades do profesional de PTO nos procesos de selección.

### □ *Parlamento Europeo e a saúde dos traballadores.*

A Comisión Europea puxo en funcionamento con EU-OSHA un proxecto piloto sobre a seguridade e saúde dos traballadores maiores que terá continuación hasta finais do ano 2015 o proxecto aborda cuestións de xénero, programas de apoio, guías e ferramentas para a xestión da seguridade e saúde, aportacións a empregadores e sindicatos ou análises de motivacións, experiencias e retos dos traballadores.

Podes atopar máis información en <https://osha.europa.eu/es/teaser/ep-osh-project-ageing-workers>



*Enlace ao apartado da  
Sección de Psicoloxía do  
Traballo e das Organiza-  
cións da páxina web do  
COPG: [www.copgalicia.  
es/copgalicia.asp?id=81](http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=81)*

## Afiliación na División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos (PTORH)

A afiliación como membro ordinario da División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos segue aberta sen data límite. Invítase aos Colexiados e Colexiadas do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a inscribirse na mesma. Podes tramitar a túa inscrición no enlace [www.cop.es/ptorh/](http://www.cop.es/ptorh/).



## SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

O 14 de decembro celebramos na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a Asemblea anual de socias e socios da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG. Antes da Asemblea, o Maxistrado da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, **Emilio Fernández de Mata**, impartiu a **Conferencia «O papel da/o Psicóloga/o desde a perspectiva do xulgador: Actuación previa e no acto de xuízo»**. Informouse sobre o papel que os xuíces e xuízas agardan dos/as psicólogos/as forenses, tratando de sensibilizar aos/ás asistentes sobre a importancia, cada vez maior, da formación específica e da actualización e reciclaxe dos profesionais que traballan neste eido.

*Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía Xurídica da páxina web do COPG: [www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=219](http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=219)*



Momento da Conferencia



**GRUPO DE  
INTERVENCIÓN  
PSICOLÓXICA EN  
CATÁSTROFES E  
EMERXENCIAS  
(GIPCE)**

### **Formación realizada**

Celebrouse o **Curso «Abordaxe da intervención psicolóxica en emerxencias nos centros educativos»** que tivo lugar o 30 de novembro na sede do COPG. Foi impartido por **Eligio Antonio Domarco Álvarez, Olegaria Mosqueda Bueno, Concepción López Martín, Fátima López Rodríguez, Ana M<sup>a</sup> Núñez Rubines e Avelina Senra Comesaña** e coordinado por **M<sup>a</sup> Del Carmen González Hermo**, todos eles membros do GIPCE.

O obxectivo do curso foi facer unha aproximación ao coñecemento práctico das intervencións en emerxencias en centros educativos; coñecer, traballar e discutir sobre a proposta de protocolo de actuación do GIPCE en intervencións en centros educativos. Por outra parte foi unha oportunidade para poñer en común e reflexionar sobre as directrices xerais e as guías de actuacións éticas que fundamentan as intervencións do GIPCE e analizar o tratamento informativo e abordaxe da intervención en prensa en casos de morte de menores.

### **Informacións**

- Os membros do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG seguen a participar activamente na elaboración dos **Plans de Emerxencia Externos (PEE)** en empresas de tres provincias distintas. Nesta ocasión participouse en dous simulacros:

#### *1. Simulacro activación do PEE da refinería A Grela Bens.*

Tivo lugar na Refinería de Repsol da Coruña, na zona de Nostián o pasado 5 de novembro. Baseouse nun suposto incendio cun total de sete vítimas.

**Elena González Cid**, membro da Coordinadora do GIPCE, participou no Posto de Mando Avanzado (PMA), e como parella de GIPCEs intervinientes participaron **Avelina Senra Comesaña** e **M<sup>a</sup> Luz Losada Somoza**, sendo a xefa de garda nese momento **M<sup>a</sup> Leonor Galiana Caballero**.



Momento do simulacro na refinaría A Grela Bens REPSOL

## 2. Simulacro activación do PEE de Syngenta Agro

O pasado 13 de novembro levouse a cabo un simulacro dun incendio que producía un total de 2 vítimas nas instalacións de Syngenta Agro, no Parque Empresarial de Porriño (Mos-Pontevedra).

**M<sup>a</sup> Luz Losada Somoza**, membro da Coordinadora do GIPCE, participa no PMA, e como parella de GIPCEs intervinientes participaron **Olegaria Mosqueda Bueno** e **Emma Diéguez Teijeiro**, sendo a xefa de garda nese momento **Ana M<sup>a</sup> Núñez Rubines**.

- A compañeira do GICPE, **Aurora Rozadilla Arias**, iniciou o seu viaxe o pasado 23 de novembro cara Filipinas cun grupo de intervención en emerxencias de axuda humanitaria, con motivo do Tifón Haiyán. Entreviú en Cebu, e desde alí desprazouse a outras illas de Filipinas afectadas polo tifón.

A súa labor consistiu en prestar atención psicolóxica á poboación afectada dos distintos sitios onde se están a desprazar. Afirmar que a afectación psicolóxica da poboación non é tan



Momento do simulacro en Syngenta Agro (Porriño)



Aurora cun neno filipino



Momento do curso sobre técnicas de control do estrés en situacións de emerxencia



Momento do curso na AGASP

desbordante como o que viu en Haití, a súa hipótese é que aquí hai unha grande estrutura familiar forte, xa que a maior parte dos matrimonios permanecen unidos e a familia extensa reforza moito. A bondade e o agradecemento é un dos trazos característicos máis sobresaíntes desta poboación.

Regresou o pasado 11 de decembro. Desde a Coordinadora do GIPCE queremos transmitirllle todo o noso apoio para recuperar o antes posible a súa normalidade.

### Formación externa

- Os pasados días 9, 11 e 12 de decembro tivo lugar unha edición diaria do **Curso sobre técnicas de control do estrés en situacións de emerxencias** destinado ao persoal de atención telefónica do 112. Tivo unha duración de 8 horas cada edición. As compañeiras **Julita M<sup>a</sup> Touriño Araújo** e **Elena González Cid** traballaron cos asistentes técnicas básicas de manexo do estrés e o autocoidado emocional.

- Celebrados na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) na Estrada (Pontevedra) e dirixido a membros da Policía Local, Bombeiros e GES de diferentes concellos de Galicia, os días 10 e 12 e 17 e 19 de decembro tiveron lugar as dúas edicións, de 16 horas cada unha, do **curso sobre apoio psicolóxico básico e manexo do estrés nos intervinientes en situacións críticas, de emerxencia ou catástrofe**. **Raquel Malvárez García** e **M<sup>a</sup> Luz Losada Somoza**, ambas membros do GIPCE, traballaron cos asistentes técnicas básicas de apoio psicolóxico e tamén o manexo do estrés e autocoidado emocional.

*Enlace ao apartado do GIPCE na páxina web do COPG: [www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=203](http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=203)*

## Informacións

- Coincidindo coa reunión do Grupo de Tráfico e Seguridade, desenvolveuse unha nova sesión formativa do Grupo co título «**Os test psicolóxicos na práctica profesional e no tráfico**», que foi impartida polo Catedrático de Psicometría da Universidade de Oviedo, **José Muñiz Fernández** o pasado 26 de outubro. Abordouse a problemática do uso das probas psicolóxicas no ámbito profesional e nos psicotécnicos en relación a posibles contextos xudiciais.
- Proseguindo co desenvolvemento do **Programa das Xornadas de Concienciación**, durante os meses de outubro e novembro de 2013 desenvóléronse sendos grupos: en Santiago de Compostela coordinado por **María Mariño Barca** e **Teresa Antelo Silva** e en Vigo coordinados por **María Luz Mosquera Mejuto** e **María Cao Gómez**, todas elas membro do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG.
- Tamén continuamos co desenvolvemento do Programa PSICOVIAL, programa de intervención con multi e poli reincidentes penados por delitos relacionados coa seguridade viaria. Como sabedes vense levando a cabo na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia desde o pasado xuño de 2013, cunha duración de 9 meses. En decembro remataron os 6 meses de intervención en pequeno grupo para continuar posteriormente 3 meses máis con seguimento individualizado.

## GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE



Teresa Antelo e María Mariño Barca

## Sobre as sancións das infraccións deontolóxicas

Existe unha gran variabilidade na clasificación das faltas e as sancións correspondentes nos diferentes colexios profesionais de España. Resultaría difícil lograr a unificación de criterios nos distintos colexios de psicoloxía do estado. Así, nalgúns, a vulneración do segredo profesional está considerada unha falta grave e noutros sería considerada moi grave. As sancións poden ser nalgúns casos apercibimentos ou multa económica variando a contía en función do grado de gravidade da falta e en ocasións chegando á suspensión ou inhabilitación profesional. Incluso xorden dúbidas se sería legal publicar que un colexiado ou colexiada está sancionada, como acontece nalgún deles, xa que unha cousa sería que fose de dominio público e outra que se publicase. Fronte a algunhas faltas xorden interrogantes ;tería máis sentido

## COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA

Enlace ao apartado do Grupo de Tráfico e Seguridade da páxina web do COPG: <http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=123>

O 4 de decembro, **Concepción Rodríguez Pérez**, Coordinadora da Comisión de Xénero do COPG, impartiu aos asistentes do Programa PSICOVIAL unha charla que levou por título «**Como nos converteremos en homes ou en mulleres**». Considerouse necesario traballar este tema neste contexto pola forte relación das estatísticas entre penados por delitos relacionados coa seguridade viaria e as cifras de violencia de xénero.

#### **Aviso**

Tal e como se decidiu na última reunión do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, ata finais de febreiro esperamos recibir as vosas propostas/suxestións en canto a posibles probas/test para usar no contexto do tráfico así como dos psicotécnicos.

Tamén se admiten suxestións sobre temas de interese para formación de cara á programación de 2014.

A vindeira convocatoria da reunión do Grupo será o **8 de marzo de 2014**.



María Luz Mosquera e María Cao Gómez

unha advertencia que unha sanción dun día de suspensión de actividade?, unha alternativa á suspensión de actividade ¿podería ser a sanción económica?, ¿que deberían graduar as faltas dentro de cada cualificación? ¿deberíanse graduar en función de factores como a intencionalidade ou a reiteración?

O debate non está resolto, e fronte a todo isto vese conveniente recuperar a función pedagóxica e mediadora das sancións, sendo necesario promover accións formativas neste sentido desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Tal vez sexa necesario, como colexiados e colexiadas, continuar reflexionando sobre o tema, así como propoñer unha modificación dos Estatutos do COPG, no sentido de flexibilizar e ampliar o arco das posibles sancións para que estean máis acordes co momento actual.

**ÚLTIMOS  
COLEXIADOS  
E COLEXIADAS  
DE GALICIA**

G-4892	González García, Ana María
G-4893	Rivas Mariño, Josefa
G-4894	Rodríguez Crespo, Adriana
G-4895	Exposito Cicero, María
G-4896	Álvarez Abelleira, Iria
G-4897	Varela Moure, Belén
G-4898	Gómez Guerra, Cyntia del Carmen
G-4900	Navarro Ferreres, Neus
G-4901	Mariño Barreiro, Manuel
G-4902	Hermida Lamas, Estefanía
G-4903	Alonso Díaz, Iago
G-4904	Carril Pazos, Uxía
G-4905	Pedreira Dovale, Ana
G-4906	Monroy Fernández, Lucía
G-4907	Jiménez Varela, Alba
G-4908	Castillo Ramírez, Marlies
G-4909	Martínez González, Belinda
G-4910	Díaz Carpintero, Ana
G-4911	Portela Mayo, Iria Vanessa
G-4912	Budiño Pérez, José Antonio
G-4913	Rodríguez Suárez Antía
G-4914	Pérez Torre, Eva María
G-4915	Couto Pena, Cristina
G-4916	Calero Taboada, Doa Airem
G-4917	Goñi Artola, Aitziber
G-4918	Vázquez Peiteado, Olalla
G-4919	Rascado Castiñeira, Patricia
G-4920	Díaz García, Andrés
G-4921	Gil Liarte, Rebeca
G-4922	Fernández García, María Isabel
G-4923	Lage López, Manuel José
G-4924	Nogueira Portela, Laura
G-4925	Lage Santos, Gema

**XURÍDICA**

**Dona Cecilia Barros Díaz**

Tfno.: 981 894 601

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as  
consultas a través do enderezo de correo  
electrónico a.xuridica@protxdat.com



**FISCAL**

**D. José Luis Iglesias Sexto**

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]

## CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

### Servizo de Información de interese para os colexiados e colexiadas

*O COPG non asume –salvo nos casos  
en que sexa o organizador– nin o con-  
tido nin a metodoloxía dos Cursos.*

*Podedes consultar os Cursos,*

*Xornadas e Congresos que non son  
organizados polo Colexio Oficial de  
Psicoloxía de Galicia no apartado  
de Formación Externa no seguinte  
enlace da páxina web do COPG:*

**[www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=1](http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=1)**

### VINDEIRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

#### CURSO «O DEBUXO COMO RECURSO TERAPÉUTICO EN SAÚDE MENTAL INFANTIL»

*Datas:* 21 e 22 de febreiro de 2014

*Lugar:* Santiago de Compostela

*Docente:* Francisco Díaz Sánchez

*Organiza e informa:* Sección de Psicoloxía e Saúde  
do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

#### CURSO «AVALIACIÓN NEUROPSICOLÓXICA DA MEMORIA A TRAVÉS DAS ESCALAS DE WECHSLER»

*Datas:* 28 de febreiro e 1 de marzo de 2014

*Lugar:* Santiago de Compostela

*Docente:* Francisco Díaz Sánchez

*Organiza e informa:* Sección de Psicoloxía e Saúde do  
Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

#### CURSO «MEDIACIÓN EN ASUNTOS CIVÍS E MERCANTÍS»

*Data:* 1, 8, 15 e 22 de febreiro; 8, 15, 22 e 29 de mar-  
zo; 5, 12 e 26 de abril; 10, 24 e 31 de maio de 2014

*Lugar:* Santiago de Compostela

*Organiza e informa:* Comisión Intersectorial de Media-  
ción do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia



Imaxe e lema das Circulares do COPG  
para o ano 2014

Colexio Oficial de  
Psicoloxía de Galicia



Rúa da Espiñeira, 10-Baixo  
15706 Santiago de Compostela  
Tfno.: 981 534 049  
Fax: 981 534 983  
copgalicia@cop.es  
www.copgalicia.es

#### HORARIO

##### Inverno

De luns a xoves de 9:00 a 14:00 h  
e de 16:00 a 21:00 h, e os venres  
de 9:00 a 14:00 h

#### Redes sociais



**Facebook:**  
[www.facebook.com/copgalicia](http://www.facebook.com/copgalicia)



**Twitter:** @copgalicia



**LinkedIn:** [www.linkedin.com](http://www.linkedin.com)  
(Grupo: Colexio Oficial  
de Psicoloxía de Galicia)

#### Membro da EFPA

Federación Europea de  
Asociaciones Profesionales  
de Psicólogos